

DANZA

1- La danza en la antigüedad

Egipto

En el antiguo Egipto las familias tenían sus propias compañías de músicos y bailarines que se encargaban de hacer más placentero el tiempo de ocio de sus patrones con sus interpretaciones. Mientras, los menos ricos, podían contratar grupos independientes para ocasiones especiales.



Las danzas tenían lugar durante las ceremonias religiosas, banquetes, fiestas populares, e incluso existían las danzas guerreras. Por lo general, los bailarines y bailarinas eran jóvenes profesionales que habían recibido su formación en los templos de la diosa Hathor.

Había dos tipos de danzas. Una, más relajada, constaba de movimientos graciosos y delicados, de pequeños pasos y con los brazos bien en alto. Esta era más propia para las fiestas privadas.



La otra danza era realizada por bailarinas profesionales donde se realizaban ejercicios de acrobacia y contorsionismo extremo, dicha danza estaba limitada a ceremonias religiosas.



Normalmente se bailaba en grupos o en pareja, aunque nunca de diferente sexo, generalmente bailaban las mujeres, y los hombres se dedicaban al acompañamiento musical.



Los bailes podían ir acompañados de cánticos y música, esta ocupaba un lugar secundario como acompañamiento de la danza, canto o declaración.

Algunos de los instrumentos que se utilizaban eran: arpa, flauta larga, guitarra de 3 cuerdas, etc.

La danza egipcia se dejó influenciar por las culturas griega y romana, convirtiéndose en más ágiles y acrobáticas.

Algunas de sus danzas eran:

- **Danzas astrales o solares:** representaban movimientos astrales y su evolución. Danzaban en círculo alrededor del altar (que era una piedra que simbolizaba el sol) simulando el movimiento del sol y de los planetas. Formaba parte de los ritos de iniciación a los misterios de Isis.
- En las pinturas de las tumbas se ven bailarinas con ropas transparentes, desnudas o adornadas con cinturones metálicos ejecutando movimientos sinuosos e animados.
- **Danzas rituales funerarias:** caracterizadas por el palmeo rítmico de manos y por la posición de los brazos sobre la cabeza. A través de la mímica representaban escenas de la vida del difunto. Los danzantes acompañaban la procesión fúnebre hasta la tumba.
- **Danzas de entretenimiento ou diversión:** danzas colectivas populares o ejecutadas en privado en ocasión de celebraciones familiares.
- **Danzas de espectáculo:** son bailarinas destinadas a divertir al faraón y a su corte e, por

extensión, a los nobles y ricos.

Mesopotamia y Persia

Estas danzas estaban ligadas a la religiosidad desde los tiempos más antiguos. Se describen como reflejo de la vida del pueblo y se usaba en rituales mágicos y de adoración a los dioses.



Los bailarines eran por lo general hombres que bailaban sin ropa para dar una visión de pureza. En su cara llevaban máscaras de animales o pájaros. En algunas ocasiones, también lo hacían las mujeres, normalmente vestidas

Las mujeres danzaban en círculos para propiciar la lluvia, levantando y bajando sus brazos. También se danzaba para que los hombres tuvieran éxito en la caza.

La danza llegó a ser tan estricta que solo la podían realizar los profesionales, tanto individual como en grupo, lleno de luchas y acrobacias acompañadas por percusión.

Pueblo hebreo



Parece que o pobo hebreo coñeceu as danzas sagradas a través da súa catividade en Exipto. Na Biblia, concretamente no Éxodo, atopamos numerosos fragmentos nos que se danza, sempre cun sentido relixioso de veneración á Divindade.

Tamén aparecen danzas ligadas a acontecementos políticos e militares, como a danza do Rei David ante a Arca da Alianza.

Unha das danzas máis coñecidas é a executada por Salomé a cambio da cal pediu que se lle concedera calquer desexo, algo que o rei Herodes aceptou.

Os hebreos celebran tamén con danzas sagradas as ceremonias seguintes: a conmemoración da saída de Exipto (abril), o

ofrecemento dos primeiros froitos a Deus e a celebración da entrega dos Dez Mandamentos (xuño), e a festa dos Tabernáculos (setembro), despois das colleitas, para agradecer a Deus

os seus favores.

Creta

En los bailes cretenses participaban tanto hombres como mujeres que rendían culto a la naturaleza .

Por parte femenina, tenía una deidad importante que ejercía un dominio sobre los elementos del medio y sobre la vida y la muerte; sin embargo, también eran importantes otras diosas como la de la vegetación, los deportes, las danzas rituales...

El canto era igual de importante que la danza



Los Curetes, que eran los jóvenes iniciados en los ritos religiosos, eran amantes de la danza y de los deportes, y asistían a la gran divinidad femenina a parte de realizar sus famosos rituales.

Los Corivantes (aquellos que van en armonía), tenían un papel importante en la historia cretense; eran bailarines con armadura, tocados por un casco rematado con una cresta que celebraban el culto a la diosa Cibeles bailando a ritmo de pandeteras, cuernos, flautas y platillos, marcándolo con los pies.

Moi importante nesta cultura é a figura do laberinto e o touro como símbolo do sol ou da forza e a virilidade, asociados ambos os dous a rituais e bailes variados nos que os bailaríns simulaban ser touros ou facían o salto acrobático sobre o touro, moi representado na cultura minoica.



2- La danza en la antigüedad clásica

3.2.- A danza na Antigüidade clásica. Danzas teatrais en Roma e Grecia. Traxedia grega.

A.- Grecia

O pobo grego herdou as formas culturais antigas do Leste e dos pobos mediterráneos elevándoas á categoría de Arte.

Os gregos adoraban aos seus deuses comunicándose con eles a través da danza.

A danza estaba considerada como arte ao mesmo nivel que a poesía ou a música e tiña a súa propia musa, Terpsícore.

Na antiga Grecia xorde o primeiro espectáculo tal e como se entende actualmente coa aparición do público.

As “Grandes Dionisiacas” eran unhas festas celebradas en Atenas sobre o 600 a.C. de 6 días de duración, en homenaxe ao deus Dioniso, con procesión, concurso de coros e 3 días de representacións teatrais con público. Estes cánticos e festas adicadas ao deus Dioniso chámanse Dítirambo.

A danza dionisiaca foi pois, unha danza múltiple, non organizada en grupos, senón que conducía á éxtase individual.

En tempos de Eurípides, no século V a. C. o máis brillante da civilización grega, esas festas eran múltiples e variadas, e celebrábanse en diferentes épocas do ano.

Do rito dionisiaco e do dítirambo nacen as dúas ramas do teatro cantado e danzado helénico, nas dúas formas primordiais, a traxedia e a comedia, que son asimesmo a base do concepto vixente a día de hoxe.

B.- Roma

En tempos de Xulio César, as lupercais tiveron moito auxe. Descendían das festas en homenaxe á loba (lupa) que alimentou a Rómulo e Remo, pero en rigor considéranse unha supervivencia das festas dionisiacas gregas.

As saturnais eran danzas adicadas a Saturno e tiñan un carácter de danzas cereais, coma nos máis antigos tempos exipcios; a semente esparcíase polo aire e os sacerdotes saltaban. Nelas, e máis tarde nas festas do Antroido (que derivan en parte das saturnais), as clases sociais mesturábanse, disimulando a súa condición baixo disfraces, durante os 7 días que duraban as festas.

Os romanos non engadiron nada especial aos distintos tipos de danza que lles chegaron dende Grecia, aínda que puxeron algún punto de estilo, que consistiu na introdución da pantomima na danza, chegando case a suprimila triunfando nos tempos pagáns de Cesar Augusto.

As danzas de fábula foron un tipo de danza mimada considerada case coma un ballet, pois tiñan un argumento desenvolvido cunha estricte pantomima.

3.3.- A danza na Idade Media. Danza e Igrexa. Carola, danza mesurada, momería e danza macabra.

Dende a Idade Media ata o século XX son moitas as danzas, tanto individuais coma colectivas que atopamos en referencias históricas, gravados, descrições e incluso partituras.

Os movementos coreográficos dun baile, así coma a melodía dunha canción ou os versos dun poema épico, seguían un sistema de transmisión oral da man dos xograres e ministrís. Aproveitando o tempo da Cuaresma, acudían anualmente todo tipo de profesionais da música e o baile aos Países Baixos, ás chamadas escolas de ministrís. Alí producíanse os intercambios e dictábanse as modas da seguinte tempada.

A.- Danza e Igrexa.

Coa extensión do Cristianismo, o teatro romano dos mimos foi desaparecendo. A última mención que se fai en Roma de *spectacula* atópase nos primeiros anos do século VI, coa invasión dos ostrogodos.

Os mimos, comediantes, músicos e bailaríns mantivéronse nas pequenas vilas, a pesar das persecucións e excomuñóns por parte da Igrexa.

Pero a danza tamén podía ser sagrada: os anxos danzaban en corros lentamente e cantaban loores ao Todopoderoso.

Carlomagno fixo que se conservaran moitos cantos antigos xermanos, algúns dos cales pasaron ao interior do templo e, con eles, tamén as súas danzas.

Dende os séculos XII e XIII temos xa constancia dos bailes nos cemiterios ou nos atrios das igrexas, así coma das danzas para espantar á peste ou aos malos espíritos.

No *Llibre Vermell*, conservado no mosteiro de Montserrat, aparecen danzas que bailaban os peregrinos: *virelais*, *bals rodós*...

Nos últimos séculos da Idade Media a danza perdeu o seu carácter sacro, de rito, e só conservou o divertimento.

B.- Danza Macabra.

O teatro relixioso-popular gañou importancia ao longo da Idade Media.

O demo é un dos personaxes máis acreditados; grandes diaños cornudos que dan espantos coas súas danzas, con fins maléficos, en escenas moi parecidas a ceremonias máxicas dos pobos primitivos.

Soamente o demo e os anxos danzaban nesa época europea: os anxos en rondas, o demo só, con xesticulacións epilépticas. As súas danzas tiñan un ritmo quebrado e os xestos eran desarticulados, coma os dun esqueleto. O demo confúndese coa morte.

Destas danzas, a que constitúe todo un xénero de alta importancia, é a Danza da Morte, ou danza Macabra, gran invención do século XIV. É unha danza cun corro xeral no que entran todos os personaxes, altos e baixos: alto clero, grandes rexedores, pequenos prestamistas... todos van sendo xulgados e condenados a entrar na danza.

C.- Carola.

O termo que máis aparece na literatura medieval europea para describir escenas de baile é o de *Carole*. Trátase do típico baile de fila: o que guía a danza vai describindo un camiño a través do salóns do castelo ata os prados floridos. Con todo, se non había prados ou a sala do castelo non era moi grande, bailábase a carola en corro: a *ronde-carole*, na que só se pechaba a fila formando unha ronda.

Para bailar a Carola non eran necesarios grandes coñecementos coreográficos: bailes de parellas ou grupos de 3, con movementos máis elaborados e practicados polas clases altas. *Carole* ou *danse* (danza) foron as dúas clases fundamentais de bailes da Idade Media, aínda que xa no século XIV temos en cada país gran variedade de termos: *saltarello*, *trotto*, *estampie*, *basse danse*... sendo moitos deles variantes locais ou modas temporais.

D.- Danza Mesurada.

Trátase dunha danza medida. O corpo seguía as instrucións dunha medida musical, con movementos suxetos a regras, ordenados e buscando a beleza formal.

Supón o nacemento da danza culta (cadro fixo da música e poesía, beleza das formas e das clases altas) separada da danza popular (movementos non suxetos a regras, pasos e tempo libres, rondas ou filas e sentimentos fortes).

E.- Momería.

A momería xorde coma un novo xénero, coma unha mascarada ou carola burlesca, na que os participantes se disfrazaban e enmascaraban.

Convertiuse en espectáculo, como atracción nos banquetes.

Hai danzantes, músicos, carros e efectos especiais; elementos todos que herdará o ballet de cour.